

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 343/1992, do 26 de novembro, de axudas ós concellos para a infravivenda rural.

A Xunta de Galicia ven prestando desde hai tempo unha atención específica á vivenda rural a través dos programas de axuda para a súa rehabilitación.

Estas axudas sen embargo, non alcanzan aqueles casos nos que os afectados carecen en absoluto de posibilidades de aportar parte do investimento ó estaren concibidas como subvención polo importe dunha porcentaxe das obras.

O estudo realizado para o efecto puxo de manifesto que as características especiais do colectivo ó que van dirixidas as axudas (baixo poder adquisitivo, illamento, dispersión, enraizamento e problemas asistenciais engadidos) fan necesaria a colaboración institucional dos concellos nunha dobre faceta: dunha banda para a selección e priorización das axudas, doutra para a súa propia xestión, seguimento e comprobación.

Coa posta en marcha deste programa preténdese abordar a solución dun dos problemas seculares do noso medio rural, poñendo ó dispor de familias sen medios económicos a posibilidade de acadar unha vivenda digna, mantendo a súa integración na zona xeográfica onde se desenvolve a súa vida.

O presente decreto, xunto cos xa publicados de rehabilitación, reconstrucción e autoconstrucción cerra o marco de axudas dentro da política de forte apoio á vivenda rural, prioritaria nas atencións da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de novembro de mil novecentos noventa e dos,

DISPOÑO:

Artigo 1º —Obxecto:

A presente disposición ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia, incentivados mediante subvencións a fondo perdido para a solución do problema das infravivendas rurais de modo que as familias con baixos ingresos que as habitan poidan acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

Artigo 2º —Ámbito.

1.—Para os efectos da presente disposición enténdense por infravivendas rurais as edificacións situadas en entidades de poboación de menos de 1.500 habitantes que, sen reuniren as mínimas condicións de habitabilidade, veñen sendo utilizadas como vivendas por familias con ingresos ponderados inferiores ó salario mínimo interprofesional.

2.—As anteditas condicións mínimas de habitabilidade enténdense referidas ós seguintes aspectos: seguridade e estanqueidade, condicións hixiénico-sanitarias, espazo habitable suficiente, servizos de auga e electricidade.

Artigo 3º —Actuacións.

As axudas ós concellos contempladas no presente decreto deberán destinarse a algunha das seguintes actuacións:

I.—Actuacións en infravivendas ou terreos propiedade dos afectados.

A) Rehabilitación da infravivenda.

Comprende actuacións en cubertas, fachadas e carpinterías exteriores así como as dirixidas a garantir as condicións hixiénico-sanitarias e de habitabilidade, e as obras de acondicionamento térmico, illamentos e estanqueidade da vivenda, mellora das instalacións eléctricas, acabamentos interiores e adaptación da vivenda para uso de minusválidos.

B) Reconstrucción da infravivenda.

Comprende as actuacións de reestruturación interior e baleirados totais con mantemento de fachadas, as reconstrucións integrais e as ampliacións do volume de edificación.

C) Nova construción de vivenda unifamiliar.

Comprende a construción de vivenda nova unifamiliar con destino a realoxamento da familia que habita na infravivenda non susceptible dalgunha das actuacións precedentes. Para estas actuacións de nova construción será preceptiva a adopción dalgún dos proxectos básicos incluídos no catálogo creado pola disposición adicional primeira do Decreto 107/1992, do 30 de abril.

II.—Actuacións en edificacións ou terreos do concello.

D) Acondicionamento de edificacións do concello para o seu uso como vivendas.

Comprende as actuacións de rehabilitación e acondicionamento de edificacións dos concellos co fin de adaptalas para aloxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

E) Nova construción de vivendas.

Comprende a construción de vivendas novas con destino a realoxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

Tódalas actuacións se axustarán ó planeamento vixente e deberán ser coherentes coa tipoloxía tradicional da zona, e adecuadas ó medio e á paisaxe.

Deberán así mesmo manter as características tipolóxicas valiosas da edificación primitiva conservando os elementos que o merezan polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico ou da tipoloxía tradicional se os houbera.

Artigo 4º —Beneficios.

1. As axudas ós concellos para as actuacións anteriormente sinaladas poderán acadalo 80% do presuposto das obras para os concellos de poboación inferior a 50.000 habitantes, e o 50% para os restantes, sen que en ningún caso poidan supera-la cantidade de 2.500.000 ptas. por vivenda para as actuacións comprendidas nos apartados A e D do artigo anterior, e de 4.500.000 ptas. por vivenda para as actuacións comprendidas nos apartados B, C e E do devandito artigo.

Artigo 5º —Solicitude de beneficios.

Os concellos que desexen acollerse ós beneficios da presente disposición formularán solicitude escrita, que se presentará nas oficinas da correspondente delegación provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo xunto coa seguinte documentación:

1.—Memoria para cada unha das infravivendas obxecto das actuacións composta por:

1.1. Impreso, que será regulado por orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas cos datos da unidade familiar e da infravivenda, asinado necesariamente polo cabeza de familia e, se é o caso, polo propietario do inmovible, membro da unidade familiar.

1.2. Informe social sobre a composición, idades, situación económica, de saúde, cultural e de integración social da unidade familiar, con xustificación da necesidade e do axeitado das solucións propostas.

1.3. Informe sobre a infravivenda que ocupa a familia afectada, asinado polo técnico competente, relativo á súa localización, características e estado de deterioración, con reportaxe fotográfica en cor da edificación e xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

1.4. Proxecto técnico con memoria das actuacións propostas de entre as consideradas no artigo 3º da presente disposición, presuposto de execución material e calendario de execución.

2.—Certificado do acordo da entidade local no que se solicite a subvención ó Instituto Galego da Vivenda e Solo aceptando os termos da presente disposición e de conformidade coa memoria, presuposto e prazo, que figuran no apartado anterior, facultándose o alcalde para a aceptación da subvención.

Artigo 6º —Aprobación inicial.

1.—Á vista da documentación presentada, e logo das comprobacións que se consideren oportunas, o delegado provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá a outorgar ou denega-la aprobación inicial do expediente, con notificación ó concello beneficiario.

A aprobación inicial comprenderá as actuacións que se van realizar, a contía da subvención e o prazo para cada actuación así como as condicións que se coiden necesarias para a súa execución.

2.—O prazo máximo para a realización das obras será de 1 ano para as actuacións de rehabilitación compren-

didas no apartado I, A do artigo 3º da presente disposición e de 2 anos para as restantes actuacións.

3.—O non cumprimento dalgún dos requisitos establecidos no presente decreto será motivo de denegación da aprobación inicial do expediente.

A denegación da aprobación inicial deberá ser expresa e motivada e poderase interpoñer contra a dita resolución recurso de alzada perante o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

4.—O concello beneficiario dispoñerá do prazo de un mes contado a partir da notificación para remiti-la seguinte documentación:

—Certificación acreditativa de que tódalas subvencións aplicables ás actuacións aprobadas non superan a totalidade dos presupostos destas.

—Escrito do alcalde aceptando a subvención nas condicións establecidas na resolución aprobatoria.

Transcorrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación por parte da entidade solicitante entenderase anulada a subvención, salvo por circunstancias excepcionais que deberán xustificarse dentro do prazo.

Artigo 7º —Pagamento das subvencións.

1.—No caso das actuacións cun prazo de execución non superior a un ano, o recoñecemento do dereito e pagamento efectivo das subvencións faranse logo da aprobación final polo delegado provincial do IGVIS e da liquidación ó remate das obras inicialmente aprobadas, mediante remisión da acta de recepción e certificación da total execución daquelas aprobada polo concello.

Xuntarase así mesmo reportaxe fotográfica das obras realizadas.

2.—No caso das actuacións cun prazo de execución superior a un ano, o pagamento terá lugar nos seguintes momentos:

—O 50% da subvención concedida, logo de que o Concello certifique a realización do 50% da actuación prevista.

—O 50% restante, logo da aprobación final e da liquidación ó remate das obras inicialmente aprobadas, mediante a presentación polo Concello da documentación sinalada no anterior apartado.

Artigo 8º —Obrigas.

1.—A vivenda resultante das actuacións subvencionadas ó abeiro da presente disposición de entre as contempladas no apartado I do artigo 3º deberá de dicarse a residencia habitual e permanente durante polo menos 5 anos, da unidade familiar que ocupaba a infravivenda.

2.—As vivendas resultantes das actuacións contempladas no apartado II do devandito artigo quedarán vinculadas á solución do problema da infravivenda definido na presente disposición.

Artigo 9º

O incumprimento de calquera das condicións fixadas no presente decreto ou na resolución aprobatoria das axudas poderá supoñer a anulación da subvención con devolución por parte da entidade local dos recursos aportados polo IGVS.

Artigo 10º —Inspeccións.

O IGVS poderá comprobar en calquera momento e sempre que o considere oportuno as circunstancias das familias beneficiarias así como o bo fin das subvencións.

Artigo 11º —Incompatibilidades.

Os beneficios establecidos na presente disposición son incompatibles con calquera outra axuda con cargo ós presupostos do IGVS, destinada ás mesmas actuacións.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.—O conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá dictar, no marco das súas competencias, as disposicións que cumpran para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuiña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras
Públicas

Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz
do Goberno

Decreto 344/1992, do 26 de novembro, polo que se establecen as normas de utilización da rede de albergues prevista no Plan Xacobeo 93.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, elaborou o plan de acción Xacobeo 93, que foi aprobado polo Parlamento na data 28 de xuño de 1991. Para o cumprimento dos fins previstos no devandito plan, articulouse unha rede de albergues no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como fin primordial o de prestar unha adecuada atención ós peregrinos que acudan a Santiago de Compostela.

Para a consecución deste propósito, faise necesaria a promulgación de normas que regulen a ocupación, utilización e conservación da mencionada rede de albergues.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPÓÑO:

Artigo 1º

O presente decreto constituirá a norma reguladora en materia de ocupación, utilización e conservación da rede de albergues prevista no Plan Xacobeo 93.

Artigo 2º

Ocupación.

2.1. Poderán utiliza-la rede de albergues integrada no Plan Xacobeo 93 tódalas persoas que acudan en peregrinación a Santiago de Compostela.

2.2. A orde de prelación para a ocupación dos albergues será a que se establece a continuación:

- 1) Os peregrinos de a pé ou con limitacións físicas.
- 2) Os peregrinos a cabalo.
- 3) Os peregrinos en bicicleta.
- 4) Ás persoas que viaxen en coches de apoio.

2.3. As prazas ocuparanse ó chegaren os peregrinos ós albergues, sen que en ningún caso se admita a posibilidade de realizar reservas previas.

Artigo 3º

Dereitos.

3.1. Con carácter gratuito prestaranse ós peregrinos os seguintes servicios:

- A utilización das instalacións do albergue.
- Servicio de información.
- Botiquín de primeiros auxilios.

—Cortes para os cabalos, aínda que o mantemento das monturas será por conta dos peregrinos.

3.2. Dispoñerán así mesmo, logo de aboamento do seu importe, dos servicios de lavado de roupa e teléfono.

Artigo 4º

Deberes.

A utilización por parte dos peregrinos das instalacións dos referidos albergues estará suxeita ó cumprimento das condicións seguintes:

- A estada nos albergues será de unha soa noite, salvo en caso de enfermidade ou outra causa de forza maior.
- A porta dos albergues pecharase ás vintetrés horas.
- Os albergues serán abandonados antes das 10 horas da mañá.
- Para respecta-lo descanso, as luces apagaranse ás 23.30 horas, con excepción das zonas comúns.